# Concello de Lourenzá

## ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2019/4 | La Junta de Gobierno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 26 de abril de 2019 |
| **Duración** | Desde as 10:15 ata as 12:00 horas |
| **Lugar** | Despacho da Alcaldía |
| **Presidida por** | Rocío López García |
| **Secretario** | Begoña González Pedregal |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---|---|---|
| **DNI** | **Nome e Apelidos** | **Asiste** |
| 71865319W | Manuel Arango Ron | SÍ |
| 77593740C | Mercedes Dengra Sixto | SÍ |
| 33803722R | Miguel Castrillón Fernández | SÍ |
| 76580879X | Rocío López García | SÍ |

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 29/03/2019.



Begoña González Pedregal (1 de 2)
Secretaria - Interventora
Fecha Firma: 03/05/2019
HASH: f60cf0272b006c4d74299ad98677b948

Rocío López García (2 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 03/05/2019
HASH: b080ad9e3af100bdb27d7e952d5bd093

Firmado por 76580879X ROCIO LOPEZ (R: P2702700B)
Fecha: 03/05/2019 12:37:40 CEST

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Preguntados os membros da Corporación, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior de data vinte e nove de marzo do dous mil dezanove (29/03/2019), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

**Expediente 683/2018. LICENCIA URBANÍSTICA. D. FÉLIX ALONSO FERNÁNDEZ. RETELLADO PALLEIRA E ALMACÉN ANEXO**

| Favorable | Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Vista solicitude de licencia formulada por D. FÉLIX ALONSO FERNÁNDEZ con NIF. 33767359R con domicilio en Lavandeira de Abaixo núm.4, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), con data 28/08/2018 e núm. 1712 de rexistro de entrada para a realización dos traballos consistentes en RETELLADO DE PALLEIRA E ALMACÉN ANEXO, no lugar de Lavandeira de Abaixo núm.4, parroquia de Santo Adrao (Lourenzá), Parcela 2572 do polígono 8 da Zona de concentración parcelaria de Lourenzá Sur, con referencia catastral 27027C008025720000DA, para o que acompaña Memoria Técnica Valorada de data Setembro/2018 redactada por Dª. Angeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm.621 do COAAT.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 28/03/19 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras solicitadas refírense á substitución de material de cubrición sen que afecten a estrutura polo que se entende que son obras de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico.

- As obras realizaranse cumprindo as condicións xerais e particulares que figuran na Resolución de Augas de Galicia de data 22/02/19, expte DH-W27.64411 e que se transcriben seguidamente:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3.-Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.-As obras consistirán na renovación da lousa da cuberta dunha palleira e dun alpendre existentes, nunha superficie


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

aproximada duns 103 m2, sitas na parcela con referencia catastral 27027C008025720000DA,no lugar de Lavandeira de Abaixo núm. 4, parroquia de Santo Adrao de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

As construción existentes sitúanse a unha distancia duns 75 metros, medidos polo punto máis próximo, entre as obras e a marxe esquerda do rego de Castelo, na súa zona de policía de leitos. A construción data no ano 1979 segundo dos datos do Catastro.

2.- As obras non implicarán incremento de volume existente nin de superficie edificada.

3.- As obras non implicarán o cambio de uso nas construción.

4.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias dos ríos e regatos, quedando en todo caso, expedita.

5.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.

6.-Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas da vexetación da ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

7.- Evitaranse as escorrentas e enturbamentos das augas polo que as obras se executarán en condicións climatolóxicas favorables. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse sistemas físicos/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais cara os leitos.

8.- Durante a execución das obras e unha vez rematadas as obras, non se deixarán materiais ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable do rego)nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas. Extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica do canle.

9.- Durante a execución das obras prohíbese o vertido de produtos contaminantes ou materiais de obra cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar no que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable ). De xeito especial prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón o cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

10.-En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima exixible ás augas continentais establecidos no Anexo V do Decreto 130/1997 polo que se aproba o Regulamento de pesca fluvial de Galicia e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e o deterioro.

11.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, andamios ou estruturas auxiliares temporais similares no exterior do edificio, esta colocaranse fóra da zona de servidume de leitos, da zona de fluxo preferente e zonas inundables; e adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos.

12.-Os residuos xerados durante a actuación deberán ser xestionados adecuadamente de acordo coa lexislación vixente..

13.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación ( tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando , etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

14.- As obras deberán estar rematadas no prazo de DOCE (12) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido este prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido, deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

15.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."

Consta no expediente informe do Servicio de Infraestruturas Agrarias da Consellería de Medio Rural de data 11/10/18, remitido o día 16/10/18, con núm. de saída 104972, sendo rexistrado de entrada nas oficinas municipais o día 22/10/18 col núm. 2085, e nol que consta, literalmente:

"A parcela 2572 do polígono 8 sobre a que asentan as construción obxecto da solicitude terá a condición de solo rústico de especial protección agropecuaria segundo o disposto no artigo 34.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dado que se trata de terreos que foron obxecto de concentración parcelaria con

resolución firme dentro da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur.

As actuacións pretendidas de " substitución de cuberta en palleia e almacén" pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, se prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento sesenta e dous euros (162,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cinco mil catrocentos euros (5.400,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Expediente 856/2018. LICENCIAS URBANÍSTICAS DE Dª. JOSEFA BLANCO LÓPEZ. SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA E PINTURA DE FACHADA**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de licencia formulada por Dª. JOSEFA BLANCO LÓPEZ con NIF. 76558912-P con domicilio en Pedreiras núm.5, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), con data 21/11/2018 e núm. 2314 de rexistro de entrada, para a realización dos traballos consistentes en SUSTITUCIÓN DE CUBIERTA Y PINTURA DE FACHADA, no lugar de Pedreiras núm.5, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), Parcela 2870 do polígono 9 da Zona de concentración parcelaria de Lourenzá Sur, con referencia catastral 27027C009028700000DB, para o que acompaña Memoria Técnica Valorada de data Novembro/2018 redactada por Dª. Ángeles Moirón Fernández, arquitecta técnica colexiada núm.621 del COAAT.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 28/03/19 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección Agropecuaria.
-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.
- As obras realizaranse cumprindo as condicións que figuran no punto 2.2 da Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 23/01/2019, na que se especifica que as obras solicitadas son compatibles coa protección do patrimonio e conservación dos valores do Camiño de Santiago sempre que se cumpran as seguintes condiciones, que literalmente son:

*"a) De utilizarse algún elemento de impermeabilización baixo lousa, coidarase que este non quede visto e ningún punto do perímetro da cuberta.*

*b) Os encontros entre vertentes en cumios e limas resolveranse co propio material de cubrición evitando o uso de elementos estraños, como tellas ou perfís metálicos.*

*c) Evitarase o uso de canles de tipo cornixa.*

*d) A cor de acabado do revestimento continuo de fachada será a branca mate ou a beige ou ocre clara con pouca saturación de cor. Evitarase as tonalidades que resulte un branco puro e os acabados brillantes."*

- As obras solicitadas refírense á substitución de material de cubrición sen que afecten a estrutura polo que se entende que son obras de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario proxecto técnico e tampouco é necesario informe da Consellería de Medio Rural xa que soamente intervén na edificación sen afectar á parcela.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar trescentos cincuenta e sete euros con corenta e sete céntimos (357,47.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en once mil novecentos quince euros con cincuenta e cinco (11.915,55.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| **Expediente 343/2018. LICENZA URBANÍSTICA DE D. MANUEL DÍAZ RON.DEMOLICIÓN, LEGALIZACIÓN Y AMPLIACIÓN NAVE DESTINADA A ALMACÉN.** | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de licencia formulada por D. MANUEL DÍAZ RON con NIF. Núm.76558921PV, con domicilio no lugar de Rego da Pereira núm.2, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), para a realización dos traballos consistentes en DEMOLICIÓN, LEGALIZACIÓN E AMPLIACIÓN DE NAVE DESTINADA A ALMACÉN DE APEROS DE XARDINERÍA E GARAXE no lugar de Siviceira s/n, parroquia de Santo Tomé (Lourenzá), parcela con referencia catastral 27027C009029980000DG, segundo Proxecto Técnico Visado con núm. 543 o 14/12/2016, de data Nov./2016, redactado por D. José Martínez Mántaras, Arquitecto Técnico, colexiado núm.84 do COAT. Preséntase tamén escritura de Segregación, Compraventa e Agrupación de Fincas urbanas da Notaría de Dª. María Cuartas Berdejo, número 1052 de data 21/12/2016, na que se agrupa á finca 2998 a finca 2994-1 do plano xeral da zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá-Sur, con unha extensión total de vinte e oito áreas e sesenta e cinco centiáreas, isto é 2.865 m2.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 23/04/19 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Retranqueo a colindantes: mínimo 3m: Cumple.
- Parcela mínima 1.000 m2. Cumple, ten 2.865 m2 resultantes de agrupar as parcelas 2998 e 2994/1 segundo escritura de segregación, compraventa e agrupación de data 21/12/2016 que se xunta no expediente.
- Ocupación: 14% inferior ao 30% permitido.
- Edificabilidade: 0.14 m2/m2 inferior a 0,40 m2/m2 permitidos.
- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 24 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar mil trescentos sesenta e cinco euros con corenta e dous céntimos (1.365,42.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en corenta e cinco mil cincocentos catorce euros con catro céntimos (45.514,04.-) e que consta de tres actuacións: Demolición: 1.666,09 euros/ Legalización: 27.410,69 euros / Ampliación: 16.437,26 euros. A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

**MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS DO 2019.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o informe da Traballadora Social de data 23/04/2019 que literalmente expón:

*“ Que se debe modificar no Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2019 aprobado en Xunta de Goberno Local do 29 de marzo do 2019 ( Expediente 244/2019), no apartado do Proxecto de Axuda a Domicilio da Dependencia, na cantidade solicitada á Xunta de Galicia 150.505,20 €, debe poñerse 151.436,40€, xa que aparece así reflectido na solicitude do aplicativo da Xestión de Cofinanzamento dos Servizos Sociais Comunitarios da Xunta de Galicia”*

A Xunta de Goberno Local, a continuación, en votación ordinaria, e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

PRIMEIRO.- Modificar o importe da solicitude correspondente ó *Proxecto de Axuda a Domicilio da Depedencia* que figuraba no acordo de 29/03/2019 e así onde figuraba a cantidade de 150.505,20 euros, deberá figurar 151.436,40 euros.

SEGUNDO.-Achegar á Consellería de Traballo e Benestar, ó abeiro do Decreto 99/2012 de 16 de marzo (DOG. núm.63 de 30/03/12) unha nova solicitude de axudas para os servizos sociais comunitarios para o exercicio 2019, coas seguintes cantidades:

| *PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPALES 2019* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | *APORTACIÓN MUNICIPAL* | *CANTIDAD SOLICITADA XUNTA* | *REMANENTE* | *PRESUPUESTO TOTAL* |
| TRABALLADORA SOCIAL | 11.185,00 | 16.815,00 | 0,00 | 28.000,00 |
| EDUCADORA FAMILIAR | 15.500,00 | 0,00- | 0,00 | 15.500,00 |
| TOTAL PERSOAL | 26.685,00 | 16.815,00 | | 43.500,00 |
| MANTEMENTO | 120,00 | 480,00 | 0,00 | 600,00 |
| AXUDA DOMICILIO PRESTACIÓN BÁSICA | 32.000,00 | 0,00 | 0,00 | 32.000,00 |
| AXUDA DOMICILIO DEPENDENCIA | 40.000,00 | 151.436,40 | 0,00 | 191.436,40 |
| TOTAL AXUDA DOMICILIO | 72.000,00 | 151.436,40 | 0,00 | 223.436,40 |
| PUNTO ATENCION INFANCIA | 50.000,00 | 25.000,00 | 0,00 | 75.000,00 |
| CENTRO SOCIAL TORREÓN | 12.500,00 | 0,00 | 0,00 | 12.500,00 |
| CENTRO DE DÍA | 15.000,00 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| XANTAR NA CASA | 1.500,00 | 0,00 | 0,00 | 1.500,00 |
| TELEASISTENCIA DOMICILIO | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL PROGRAMAS | 79.000,00 | 25.000,00 | 0,00 | 104.000,00 |
| TOTALES PROXECTO | 177.805,00 | 193.731,40 | 0,00 | 371.536,40 |

TERCEIRO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a sinatura dos documentos e para a realización dos trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 315/2019. FESTA DA FABA 2019 SUBVENCIÓN SOLICITADA A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o contido da Resolución de 05 de abril do 2019 publicada no DOGA. Núm.73 de 15/04/19 *pola que se* establecen as "*Bases Reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2019".*

Visto o contido da Memoria presentada polos servizos técnicos municipais de cultura.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia, ó abeiro da Resolución de 5 de abril do 2019, publicada no DOGA. Núm.73 de 15/04/19 *pola que se* establecen as "*Bases Reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2019, as seguintes subvencións:*

A) LIÑA 1.- unha subvención por importe de TRES MIL(3.000,00) EUROS sobre un investimento de Vinte e cinco mil (25.000,00) euros, para a organización da XXIX FESTA DA FABA no ano 2019 que conta, dende o ano 2005, coa distinción de Festa de Interese Turístico Galego.

B) LIÑA 2.- Unha subvención por importe de TRES MIL(3.000,00) EUROS, sobre un orzamento de tres mil euros destinadas á adquisición de bolsas co logo da campaña *de información e sensibilización fronte a violencia sexual en espazos públicos:*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*AGRESIÓN OFF, eu digo non á violencia sexual* e para celebración dunha actuación neste mesmo senso, utilizando en ambos casos a marca creada para estes efectos.

SEGUNDO.- Comprometerse, de conformidade co disposto na Resolución citada, a financiar o importe do presuposto de ditos eventos que non resulte subvencionado ó abeiro da presente convocatoria.

TERCEIRO.- Aceptar e comprometerse a cumprir, no caso de que se conceda as subvencións solicitadas, as bases reguladoras contidas na Resolución da Axencia de Turismo de 05 de abril do 2019 (DOG. Núm.73 de 15/04/19) ó abeiro da que se tramita a presente solicitude.

CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª.Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

**Expediente 28/2019. APROL RURAL 2019.: APROBACIÓN BASES.**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/A |

Neste punto do orde do día, unha vez que pola Alcaldía se informou de qu Consellería de Economía, Emprego e Industria, as axudas solicitadas ao abeiro *Decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e s fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) para o ano 2019,* con contratación de UNHA praza de traballador forestal durante nove meses a xornada de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro con iros e que constitúen o seu número legal ACORDOU:

PRIMEIRO.- Aprobar as BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SEL ÓN C CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS EN RÉXIME LABOR ON F TRABALLADOR FORESTAL; PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, M ANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, sendo o seu contido literal o que segue:

*PRIMEIRA.—OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN.*

*Esta convocatoria ten por obxecto a selección mediante concurso-oposición de UNHA PRAZA de Trabal orestal ao abeiro da Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e su óns pa medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019, en réxime de perso al tem meses a xornada completa.*

*A convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e na páxina Web (www.c odelour correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia cunha antelación mínima de 15 ábiles as correspondentes contratacións.*

*Estes contratos encádranse na Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bases qu lan as fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 20 Consel Industria mediante a concesión dunha subvención por importe de 13.022,10 €.*

*Este plan creouse para a realización de accións de fomento do emprego en colaboración coas entidad is rura persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de monte tras ta co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción labo*

*SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADOS.*

*O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:*

| Nº DE PRAZAS | OCUPACION | GRUPO DE COTIZACIÓN |
|---|---|---|
| *1* | *TRABALLADOR FORESTAL* | *8* |

*TRABALLADOR FORESTAL:*

*a)Titulación: Graduado Escolar, certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivale*

*b)Modalidade e duración contractual: 9 meses en réxime de dedicación a tempo completo. (40 horas se ).*

*c)Carné de conducir:* B.

*d)Funcións: O posto de traballo forma parte do cadro de persoal do Concello de Lourenzá e as funcións que*
*enunciativo, son as seguintes:*

*1.-Exercerán as tarefas propias do posto de traballo, isto é, aquelas relativas coa prevención e defensa contra i*
*tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza de montes e outras tarefas de valorización forestal, mantemento de vías de titul*
*biomasa, franxas de protección, etc.*

*2.-En xeral, cales queira outras tarefas afíns á categoría do posto e semellantes ás anteriormente des que ll*
*seus superiores e resulten necesarias por razóns do servizo.*

*3.-Calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificació relaci*


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.

4.-Estas prazas están suxeitas a flexibilidade de horario.

Retribucións: Os/As aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións segundo o seguinte desgl

| Nº TR AB. | GRUPO COTIZ AC. SEG.S OC. | OCUPACIÓN | CNAE 2009 ou OCUPACIÓN | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | SALARIO BRUTO (1) | % COTA PATRONAL SEG. SOC. | COTA PATRONAL Á SEG.SOC | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURACIÓN CONTRATO EN MESES | INDEMNIZACIÓN FIN CONTRATO | X | CU SA TO |
| 1 | 8 | TRABALLADOR FORESTAL | 8411-D | 1050 | 37,80 | 396,91 | 1446.91 | 9 M | 315 | | 13. |

(TRLEBEP). Así mesmo e nos aspectos non derrogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBE én será

a) Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.

b) Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

c) Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das dispos gais vi Local.

d) Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao se a Adm

e) Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto aballad

f) Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

g) Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

CUARTA.- MODALIDADE DO CONTRATO

Dado que o posto está financiado ao abeiro Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se estab as bas subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o ano 2019, e de acordo co establec devar necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de intere al.

O mencionado contrato laboral terá unha duración de 9 meses a xornada completa a contar dende a si do con


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

*Deberán presentarse, dentro do prazo de presentación de documentación, as copias dos documentos que acredit poder ser puntuados conforme ao baremo.*

*Deberanse acompañar as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación á praza convocada*

*Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean s*

*A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valo fora do prazo de presentación de documentación xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para*

*<u>1.-DOCUMENTOS A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR AS ACREDITACIÓNS DOS DISTINTOS APARTADOS DO BAREMO.</u>*

*<u>a)Experiencia:</u>*

*En tódolos casos deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tes Social.*

*Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de servizos prestados expedida polo organismo correspo ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado e as funcións e tarefas realizadas.*

*<u>b)Titulacións académicas e cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións do posto</u>*

*Presentarase copia do correspondente diploma acreditativo das titulacións académicas, cursos, estudos, xornadas, debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organis fagan constar os mesmos datos.*

*Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.*

*<u>c)Idioma galego</u>. Acreditarase mediante a presentación de certificación expedida polo organismo competente.*

*<u>d)Pertenza a colectivos con dificultades de inserción laboral.</u>*

*A condición de discapacidade deberá acreditarse co certificado do recoñecemento do grao de minusvalía autoridade competente ou ben mediante a presentación de documentación acreditativa do recoñecemento da prestación por*

*A condición de maior de 45 anos ou muller acreditarase mediante a presentación do DNI.*

*A condición de parado de longa duración acreditarase mediante a vida laboral ou certificación expedida polo Se Galicia.*

*A condición de vítima de violencia de xénero acreditarase mediante a seguinte documentación:*

*a)Certificación de existencia de orde de protección ou medida cautelar existente e vixente.*

*b)Sentenza condenatoria.*

*c)Informe do Ministerio Fiscal acreditativo da existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral o conste a existencia de ditos indicios.*

*d)Informe de Servizos Sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita produciu o cesamento de convivencia.*

*e)Informe dos servizos de acollida da Administración Pública autonómica ou local en que se recolla dita condición e cesamento da convivencia.*

*Coa presentación da documentación para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as a unha das bases desta convocatoria.*

*<u>NOVENA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.</u>*

*Expedido o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun m larand de admitidos e excluídos.*

*<u>DÉCIMA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR</u>*

*Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados pola Sra. Alcaldesa – Presidenta me resoluc*

*O tribunal estará integrado polos seguintes membros:*

*Presidente: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo dunha Administración Pública designado pola Alc con vo*

*Secretario/a: Un/ha Secretario/a ou funcionario/a dunha Administración Pública designado pola Alcaldía substit*

*Tres Vogais: Tres técnicos ou expertos designados pola Alcaldía, con voz e voto.*

*O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose valid e const absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.*

*Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido par der ao*

*Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do pr Os seu nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.*

*Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto d ade do Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen vot ándose colaboración nas súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano d ción. autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde d so sele nestas bases.*

*Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra algunha no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Así m recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstenció confor 29 da Lei 30/1992.*

*<u>UNDÉCIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION: CONCURSO - OPOSICIÓN</u>*

*A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no c e na dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas det das po*

*I.-CONCURSO DE MÉRITOS:*

*Esta fase será previa á de oposición e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán t fase de oposición.*

*Puntuación máxima nesta fase: 20 puntos.*

*I.1.-PERTENZA A COLECTIVOS CON DIFICULTADES DE INSERCIÓN LABORAL: ATA UN MÁXIMO DE 7 PUNTOS.*

*(O presente apartado de baremación específica incorpórase de acordo co disposto no punto 5 do Artigo 14 de selección dos traballadores e das traballadoras da Orde do 12 de Decembro de 2018 pola que se establecen as bas subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do a núm. 23 do 1 de Febreiro do 2019.*

*A)Mulleres:1 punto*

*A.1.-Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero 1 punto.*

*B)Menores de 30 anos................................................ 1 punto*

*B.1.-Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional 1 punto*

*C)Persoa desempregada maior de 45 anos:.................... 1 punto*

*D)Persoa con discapacidade:....................................... 1 punto*

*E)Persoa parada de longa duración............................... 1 punto*

*(Máis de 12 meses inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia ininterrompidamente segundo a vida laboral propio Servizo Público de Emprego de Galicia)*

*F)Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desem cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores acollemento.....1 punto.*

*I.2.- PROTECCIÓN DE DESEMPREGO: ATA UN MÁXIMO DE 2 PUNTO.*

*A)Perceptores de desemprego ................................................ 1 puntos.*

*B)Perceptores de subsidios, RAI, PREPARA, ACTIVA.... .......... 1,5 puntos.*

*C)Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito 2 pu*

*I.3- PERTENZA A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. ATA UN MÁXIMO DE 2*

*(Acreditado mediante certificación dos servizos sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións Consellería de Política Social. A puntuación dos dous apartados non é acumulable).*

*A)Integrante de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.... 1 punto.*

*B)Persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia.. 1 punto.*

*I.4.-- Cursos de formación, xornadas, seminarios, congresos e conveccións en materias relacionadas coas funcións un máximo de 4 puntos.*

*a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos*

*b) Por cada curso de 31 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos*

*c) Por cada curso de 100 a 199 horas lectivas: 0,50 puntos*

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| VALADOURO-ALFOZ.<br>CIF. G-27447663 | | correspondente 1º trimestre 2019, | |
| BEGOÑA GLEZ. PEDREGAL<br>NIF. 32434821-Z | 22/04/2019 | Xornadas Wintask Sical ,8 y 9 abril 2019 Exma. Deputación Provincial(media axuda custo) | 18,70 |
| RAQUEL CAMARISTA GARCIA<br>NIF.33853966J | 12/04/2019 | Xornadas Wintask Sical ,8 y 9 abril 2019 Exma. Deputación Provincial(Viaxe, aparcamento e media axuda custo) | 73,00 |
| RAMÓN IGLESIAS VENTURA<br>NIF.77593981-P | Marzo 2019 de 08/04/19 | Desprazamentos varios 120,90 km. | 22,97 |
| ELITA BRAÑA GARCÍA<br>NIF.33832086Y | Marzo 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 414 Km. | 78,66 |
| EULALIA GONCALVES ARAÚJO<br>NIF. X01166446R | Marzo 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 539 Km. | 102,41 |
| MARÍA JESÚS BOUSO BARCIA<br>NIF. 33348237-P | Marzo 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 406 Km. | 77,14 |
| MARÍA TEIJO LOMBARDERO<br>NIF.77594257-P | Marzo 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 452 Km. | 85,88 |
| MARÍA DOLORES PENDAS ESTRADA<br>NIF. 11414372-C | Marzo 2019 de 09/04/2019 | Desprazamentos Ax. Domicilio 576 Km. | 109,44 |
| **TOTAL** | | | **32.327,07** |



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**


Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

DEPUTACIÓN DE LUGO

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
REXISTRO XERAL
15 ABR. 2019
Número: 4662
SAÍDA

Data
LUGO, 11 de abril de 2019

Unidade de Orixe
SERVIZO DE CONTRATACION E FOMENTO.-
UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Asunto
CONVENIO

Destinatario
CONCELLO DE LOURENZA

PRAZA DO CONDE SANTO S/N
27760 LOURENZA- LUGO

CONCELLO DE LOURENZÁ (Lugo)
REXISTRO XERAL
Entrada ...
Saída ...
Data 23-4-2019

Pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 5 de abril de 2019 adoptouse o acordo do seguinte tenor literal :

**Segundo.-** *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación Provincial e o Concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na mellora e acondicionamento de vías municipais: De travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lourenzá, coa finalidade común de colaborar na Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao. que dispón o seguinte:

Antecedentes de feito:

Dª Rocío López García, Alcaldesa do Concello de Lourenzá achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público-público) de data 22 de marzo, no que manifesta a disposición a que a tramitación e adxudicación da obra indicada no encabezado sexa realizada pola Deputación de Lugo, e a formalización do contrato coa empresa adxudicataria e o pago das correspondentes facturas e certificacións de obra sexa executada polo Concello de Lourenzá, todo elo mediante a sinatura do correspondente convenio

A obra indicada, foi incluída polo Concello de Lourenzá no Plan Único 2018.

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá.

O Concello de Lourenzá, ao abeiro do disposto nas bases do plan único 2018, solicitou a través de escrito con rexistro de entrada 19592, de data 02 de xullo de 2018, con selo da oficina de correos de Mondoñedo de data 29 de xuño de 2018, que a licitación da obra fose realizada pola Deputación Provincial.

Consta no expediente a documentación sinalada nas bases do plan único, concretamente na base 18, apartado 5.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o Concello de Lourenzá e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

| Investimento: | Achega Deputación (financiada no Plan Único 2018) | Achega Concello (segundo Financiación do Plan Único 2018) |
|---|---|---|
| Mellora e Acondicionamento de Vías Municipais: de Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias-Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga De Santo Adrao. | 98.522,42€ | 28.981,03€ |
| Total | 127.503,45€ | |

A Deputación desenvolverá as funcións de órgano de Contratación, no procedemento de licitación da obra, ata o acto de adxudicación, asignándolle ao Concello de Lourenzá a función de formalizar o contrato administrativo, encargándose da dirección e execución da obra, así como do pago das correspondentes certificacións de obra e facturas.

En suma, articúlase unha cooperación económica -de dar e de facer- desenvolver actividades administrativas, en distintas fases do procedemento contractual, coa finalidade de aproveitar efectivamente os recursos económicos dispoñibles, repectando as limitacións propias do sistema de aplicacións e normativa orzamentaria. En calquera caso o Pleno, a través do Plan único de 2018, ao aprobar as bases, xa aprobou este sistema de cooperación nas achegas e tamén nos procedementos de contratación. Esta previsión ten cabida no artigo 31 da LCSP (sistema de cooperación horizontal).

| Código Seguro de Verificación | IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Fecha | 11/04/2019 14:10:23 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmante | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Página | 2/12 |

O concello de Lourenzá achega o proxecto técnico para a execución das obras, así mesmo encargarase da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran normativamente. O Concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza, segundo a natureza e destino do investimento obxecto desta acción colaborativa.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público"

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)"

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.



| Código Seguro de Verificación | IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Fecha | 11/04/2019 14:10:23 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmante | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Página | 4/12 |

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas"; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias". Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

"A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...).

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)".

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de acondicionamento das rúas indicadas.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Esta relación bilateral concreta que xurde da aplicación das bases do plan único 2018, enmárcase na potenciación das relacións interadministrativas cooperativas, respetuosas coa respectiva capacidade decisoria, especificamente dos municipios, respecto da Deputación.

O marco normativo básico das relacións interadministrativas, fixase no artigo 141 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, LRXSP. Neste sentido, o artigo 141.2 especifica "...La asistencia y colaboración requerida sólo podrá negarse cuando el organismo público o la entidad del que se solicita no esté facultado para prestarla de acuerdo con lo previsto en su normativa específica, no disponga de medios suficientes para ello o cuando, de hacerlo, causara un perjuicio grave a los intereses cuya tutela tiene encomendada o al


| | | | |
|---|---|---|---|
| Código Seguro de Verificación | IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Fecha | 11/04/2019 14:10:23 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmante | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Página | 6/12 |

cumplimiento de sus propias funciones o cuando la información solicitada tenga carácter confidencial o reservado. La negativa a prestar la asistencia se comunicará motivadamente a la Administración solicitante".

A formación, concreta, das relacións de cooperación baséanse na vontade expresa ("aceptación") das partes.

Entre as técnicas de cooperación, o artigo 144.1 da citada LRXSP, letra d) cita .. "a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións públicas".

Pola súa parte o artigo 31 da LCSP, en canto a potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública, no suposto que nos ocupa, horizontais, os parágrafos terceiro e cuarto do citado artigo 31 LCSP dice "...Las entidades pertenecientes al sector público podrán cooperar entre sí de alguna de las siguientes formas, sin que el resultado de esa cooperación pueda calificarse de contractual:

Mediante sistemas de cooperación vertical consistentes en el uso de medios propios personificados en el sentido y con los límites establecidos en el artículo 32 para los poderes adjudicadores, y en el artículo 33 para los entes del sector público que no tengan la consideración de poder adjudicador, en el ejercicio de su potestad de auto organización, mediante el oportuno acuerdo de encargo.

Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertenecientes al sector público, previa celebración de los correspondientes convenios, en las condiciones y con los límites que se establecen en el apartado 1 del artículo 6.

A efectos de lo dispuesto en el apartado anterior, las entidades pertenecientes al sector público podrán en todo caso, acordar la realización conjunta de contrataciones específicas".

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é "a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito". No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no


| Código Seguro de Verificación | IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Fecha | 11/04/2019 14:10:23 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmante | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Página | 7/12 |

mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), ainda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Lourenzá é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera "a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local, (...).

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que "os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas, (...)"

No que atinxe á mellora de rúas, a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando "ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares". Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas " ... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas". É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, "mediante procedementos de colaboración con


| Código Seguro de Verificación | IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Fecha | 11/04/2019 14:10:23 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmante | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Página | 8/12 |

outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares" e 33.6 da amentada Lei, "correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias".

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 –cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- "(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Lourenzá, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa quen asine o contrato coa mercantil que resulte adxudicataria do proceso de licitación que desenvolverá a Deputación. Na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse tanto pola Deputación como polo Concello de Lourenzá, a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

En canto ao sistema de responsabilidades como consecuencia da intervención de ambas administracións, en distintas fases do procedemento contractual (licitación e execución), estarase ao determinado no artigo 31.3 da LCSP, ao sinalar que "...Cada entidad será única responsable del cumplimiento de sus obligaciones con respecto a las partes que lleve a cabo en su propio nombre y por cuenta propia". Se ben, neste caso, amosa actuarse, en todo momento por conta do Concello de Lourenzá.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos

fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do Concello de LOURENZÁ, da Provincia e da cidadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

| Anualidade | Deputación Provincial De Lugo | Concello de Lourenzá |
|---|---|---|
| 2018 (Plan único 2018) | 98.522,42€ | 28.981,03€ |

Concello de Lourenzá: As obrigas de asinar o contrato coa empresa adxudicataria, e demais inherentes á execución da obra, incluídas o pagamento de facturas e certificacións e no seu caso achegas complementarias relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe.

Deputación de Lugo: obriga de facer, consistente na tramitación do procedemento contractual, na fase de licitación e ata a adxudicación.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficos rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que


| Código Seguro de Verificación | IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Fecha | 11/04/2019 14:10:23 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica | | |
| Firmante | MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo//code/IV6T5UBLFMZ2WTV3WVNUOBQAKY | Página | 10/12 |

a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2018.

O concello de Lourenzá será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que "quedan excluídos do ambito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)", precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar "conveniendi causa"), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao

Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Lourenzá coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Mellora e acondicionamento de vías municipais: De Travesía Mariña- Avda. Mondoñedo, Avda. Calvo Sotelo, Rúa Secretario Luís Iglesias- Carlos Pelegrín Otero, Maderne e Veiga de Santo Adrao, cun orzamento total de 127.503,45 euros, dos cales 98.522,42€ son financiados pola Deputación e 28.981,03€ financiados con cargo á aportación municipal, de acordo con Plan único 2018 aprobado polo Pleno en data 29 de maio de 2018, na que se inclúe a amentada obra".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

O que se lle comunica para o seu coñecemento e demáis efectos.

A SECRETARIA XERAL,

María Esther Álvarez Martínez

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECRETARÍA LUGO